



TERRAS DO MIÑO  
LUGO  
RESERVA DA BIOSFERA



# Manual de recuperación de valados de pedra seca





## **Agradecementos**

O noso especial agradecemento a Xosé Lomba Martínez, canteiro, conservador e restaurador, e a Adela Figueroa Panisse, poeta activista na defensa da terra.

**Lugo. 2021**

**Textos:** Ramsés Pérez e Lucía A. Anido

**Fotografías:** Ramsés Pérez

**Deseños:** Xosé Lomba Martínez

**Corrección lingüística:** Xiana Iglesias

**Deseño e Maquetación:** Tania G. Mourelle

**ISBN:**

**D. Legal:**

**Impresión:** Tórculo



**ADEGA**


[adega@adega.gal](mailto:adega@adega.gal)

[www.adega.gal](http://www.adega.gal)

Avda. de Castelao 20, baixo 15704 Santiago  
de Compostela


Tel. 981570099





# Introducción

# 1







Os muros de pedra conforman a paisaxe histórica da Galiza. Son elementos patrimoniais que contribúen a crear hábitats e aumentar a diversidade biolóxica. Simbolizan a conexión natural co medio porque a técnica construtiva depende fortemente da contorna, do tipo e da forma de pedra dispoñíbel. Os valados representan na paisaxe as formas de vida tradicionais, séculos de agricultura e gandería que constitúen unha reserva natural lineal.

Xa no libro *Historia da Galiza* de Otero Pedrayo, Xaquín Lorenzo fai mención á importancia dos valados como parte do noso patrimonio xa que, ademais de marcar os lindes da propiedade, os muros de pedra foron construídos para acoutar a o espazo destinado aos animais domésticos no contexto da gandería extensiva tradicional. Asemade, limitaban o paso de animais salvaxes, como por exemplo non caso dos altos muros das alvarizas da montaña occidental ou os dos foxos de lobo, outro vestixio da relación tradicional coa fauna silvestre. Tamén son habituais os muros de pedra para conter o terreo en pendente, como as terrazas deseñadas con socalcos da Ribeira Sacra.

O 28 de novembro de 2018, a arte tradicional de construír muros en pedra seca en zonas rurais foi incluída pola Unesco na súa Listaxe






Representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade, candidatura na que tamén estaba representada Galiza.

O motivo polo que o Comité de Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial da Unesco considerou engadir a técnica construtiva como Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade, foi que "os muros de pedra seca desempeñan un papel esencial na prevención de correntes de terras, inundacións e avalanchas". Así mesmo, no seu comunicado a Unesco apuntaba que estas estruturas son "un exemplo da relación equilibrada entre o ser humano e a natureza" ao que engaden a súa axuda na prevención de desastres naturais e contribución na loita contra a erosión e a desertificación así como a mellora da biodiversidade e a xeración de condicións acaídas para a agricultura.

O mantemento destes agrosistemas forma parte dunha perspectiva global cara a transición a un desenvolvemento sostíbel. O bo estado do rural implica un avance global en relación ao desenvolvemento e benestar social.


Dirixido ao público en xeral, o presente manual ten por obxectivo dar a coñecer estas construcións tradicionais e o recoñecemento dos seus beneficios ecosistémicos alén do seu valor patrimonial. Tamén pretende dar unhas nocións básicas de restauración e amosar algunhas das actuacións de conservación levadas a cabo pola Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza, ADEGA.

# Aproximació



ón aos muros de pedra

2





Os valados son elementos patrimoniais ben coñecidos dende o punto de vista cultural e paisaxístico, pero cunha faciana que ten pasado máis desapercibida, a súa función ecolóxica. A flora e fauna galega deben moito aos muros tradicionais de pedra seca, que proporcionan hábitats variados e valiosos para unha grande diversidade de organismos silvestres.

O grupo de seres vivos máis característico relacionado coas pedras dos valos son os liques, organismos indicadores da calidade ambiental, estando a súa diversidade directamente vinculada coa contaminación atmosférica.

Nos muros de pedra, sitos en lugares lixeiramente húmidos, como sucede en moitos espazos da Galiza, son comúns os brións e fentos. Tamén hai multitude de plantas de pequeno porte que medran nos seus paramentos.

Así mesmo, nos valados de pedra refúxianse e crían invertebrados como insectos, moluscos ou arácnidos que son depredadores naturais de especies con potencialidade de converterse en pragas para os cultivos ou o gando, xogando un importante papel no seu control. Vertebrados como o lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*), presente no Anexo II da Directiva



Hábitats, son inquilinos habituais, e varias especies de paxaros e mamíferos aproveitan as fendas para refuxiarse, facer niños e sacar adiante a prole.

Alén da biodiversidade que acollen os valados de pedra seca, achegan numerosos beneficios ecosistémicos xa comentados. Entre outros, desempeñan un papel fundamental na prevención de correntamentos de terras, inundacións e na loita contra a erosión e desertización dos terreos, así como na creación de condicións propicias para a agricultura.




Os líques son organismos habituais dos valados



O lagarto das silvas, *Lacerta schreiberi* é un réptil presente no Anexo II da Directiva Hábitats da Unión Europea que gusta de solearse nos valados




A perda



a do noso patrimonio

3





Os cambios producidos na sociedade galega nas últimas décadas, cunha importante mobilización da poboación rural cara o medio urbano, deu como resultado o abandono de multitude de elementos patrimoniais.

Porén, alén da perda de poboación, a intensificación do agro contribuíu á eliminación de elementos que, ou ben molestaban ou eran inútiles para unha produción agraria e forestal de maior escala.

Poderíamos enumerar entón algunhas das causas principais da desaparición dos valados:

**a) Abandono rural**

A falla de mantemento de moitos destes elementos patrimoniais fixo que foran esmorecendo, caendo moitos deles co paso do tempo e outros cubríndose de vexetación.

**b) Concentracións parcelarias**

A intensificación da agricultura para acadar maiores rendementos abocou a que en moitos lugares se



Valado a medio caer no Macizo Central Ourensán

realizaran concentracións parcelarias que levaron por diante milleiros de quilómetros de valados, destruíndo un sinal da identidade galega en nome dunha maior produción.

### **c) Cultivo forestal**

Na liña do punto anterior, a produción forestal intensiva ten destruído grande cantidade de valados, ben para acceder aos cultivos, ben para sumar parcelas e acadar unhas maiores densidades nas plantacións forestais.

### **d) Desenvolvemento urbanístico**


Deseñadas sen ter en conta o parcelario agrícola nin o viario tradicional, moitas novas construcións e instalacións tamén son causas actuais da transformación ou eliminación dos camiños delimitados por muros tradicionais.

Tanto a Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, como o Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia, establecen certas condicións de cara a protección destes elementos patrimoniais. As prácticas negligentes, cuxo resultado sexa a eliminación ou derrubamento dun valado tradicional, son denunciábeis perante o SEPRONA, Policía Autonómica, ou a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística APLU<sup>1</sup>.

1 Se a infracción ten lugar en solo rústico ou dentro de núcleos rurais de concellos subscritos a convenio coa APLU.




Tip



os de valados pétreos

4





Os muros de pedra tradicionais constrúense con materiais do propio lugar e constitúen unha representación do que se agocha baixo o solo, na capa litolóxica, sendo o granito, xistos ou lousas os materiais habituais que conforman os valados pétreos na Galiza. A altura habitual destas construcións adoita ser como máximo dun metro, aínda que nalgúns casos pode ser superior.

A Guía de Caracterización e Integración Paisaxística de Valados redactada polo grupo de Investigación da Escola Galega da Paisaxe, da Fundación Juana de Vega, fai unha clasificación en función da pedra empregada e o tipo de colocación. Ademais ofrece un estudio das diferentes tipoloxías segundo a súa localización xeográfica.

Os muros de pedra pódense clasificar segundo o tipo de pedra e disposición en chantos, muros de perpiaño e cachotería en xunta seca. Estas son as máis habituais, pero ao longo do país podemos atopar construcións singulares, que sen dúbida poñen de manifesto o coñecemento do terreo e da técnica construtiva.

## Chantos

As pedras (de granito, xisto ou lousa) son planas con formas que poden ser máis ou menos irregulares e van fincadas directamente no chan sobre o lado estreito. No caso do granito, cando teñen forma labrada rectangular reciben o nome de “pastas” e son típicas das Rías Baixas.



## Muros de perpiaño ou cachotaría

O granito é tronzado, coas pedras asentadas unhas enriba das outras sobre a cara de maior lonxitude.




## Cachotaría en xunta seca




As pedras empregadas poden ser planas, bastas ou cantos rodados, son minimamente labradas e chamadas cachotes. Colócanse sen ningún tipo de argamasa, empregando as propias pedras como sustento do muro, e os restos de pedras máis pequenas, chamadas ripios usadas para reencher ocos. A última ringleira superior pode estar disposta con orientación horizontal, vertical ou inclinada. Pódese atopar muros de cachotaría con columnas verticais de granito intercaladas cada tres ou catro metros, que sobresaen do valado.

## Chantos reforzados con cachotaría en seco




Son frecuentes as construcións de valados (que empregan técnicas mixtas) con chantos de lousa ou xistos colocados deixando un oco entre si e reenchéndoo con cachotes a xunta seca.

Rest



Restauración de valados

5







Cada tipo de valado require dunha técnica diferente. Se as pedras son planas ou cantos rodados colocaranse de xeito moi diferente. Igualmente, inflúe o tamaño das mesmas, xa que valados de pedras grandes requiren máis forza.

É fundamental seguir as formas construtivas tradicionais de cada lugar para manter a harmonía. Polo tanto, se sabemos de persoas do lugar que manexen esta arte, é recomendábel informarse con elas sobre as particularidades da zona antes de comezar os traballos.

O estado do valado determinará os traballos de restauración a facer e o tempo que levará.

Dende o punto de vista da diversidade natural, e nomeadamente para algúns animais salvaxes, un valado semiabandonado pode ser máis atractivo que un muro ben conservado xa que ofrece máis ocós con abrigo e acolle vexetación variada. Porén, tal estado manterase nun período curto de tempo, xa que con menos da metade da súa altura, as condicións no interior, non son tan idóneas e o valor do hábitat redúcese de xeito considerábel. Motivo polo que os valados deben manterse para proporcionar hábitats variados.



## **5.1 FACTORES A TER EN CONTA ANTES DE COMEZAR OS TRABALLOS**

Antes de poñerse mans á obra débense valorar algunhas cuestións que axudarán a identificar as necesidades para a obra, a época máis idónea para realizar os traballos e as posíbeis vías de financiamento. Dende logo, é básico reflexionar sobre o tempo do que dispoñemos e as persoas precisas para realizar o traballo.

### **5.1.1 ESTADO DO MURO**

A seguinte táboa (ver páxinas 35 e 36) pode servir para facer unha avaliación a simple vista do estado de conservación do muro, e en función da clasificación facerse unha idea aproximada do tempo e o persoal preciso para levar adiante a restauración.



## 5.1.2 MATERIAL DISPOÑÍBEL. REUTILIZAR AS PEDRAS DO MURO

Independentemente de se a restauración é dun valado completo ou só dun treito, os traballos comezarán coa clasificación das pedras. Aínda que pareza que non hai pedras suficientes, na maior parte das ocasións o máis probábel é que estean tiradas no chan ou cubertas de vexetación, follas e terra. Neste caso, haberá que desenterrar o material e clasificar en moreas as pedras segundo formas e tamaños. Este traballo previo fará que a reconstrución sexa máis doada e rápida.

Se sabemos de antemán que levaron pedra, será preciso acadar novo material.

**A****Moi bo estado**


Condición excelente, as pedras están no seu lugar e todos os elementos intactos sen sinais de derrubamento nin pedras caídas

**B****Bo estado**

Teñen algún defecto estrutural pero son efectivos, algunhas pedras da parte alta están caídas. Hai evidencias dalgún arranxo


**C****Bo estado con  
indicios de  
derrubamento**

Case completo pero con sinais de ter problemas de derrubamento no futuro. As raíces das árbores poden estar afectando á base do valado




**D****Mala condición**


Segue en pé e continúa a ser efectivo pero xoga un papel secundario como peche

**E****Abandonado**

Non se mantén a estrutura do muro. Hai moitos ocos e reduciuse moito en altura. Algunhas rochas seguen presentes

**F****Restos**

Moj estragado, case inexistente, con rochas caídas. Aparentemente a maioría están soterradas





Na imaxe, un ferreiriño negro entra con alimento ao niño que ten nun valado



### 5.1.3 CAUSAS DO DETERIORO

É importante facer unha avaliación das posíbeis causas que fixeron que o muro caera para poder tomar certas decisións e que a situación non se repita.

Algunhas das causas máis comúns do deterioro son a vexetación arbustiva moi frondosa, as árbores cuxas pólas empurraron das pedras, a mala construción da parede, as prácticas forestais negligentes, o traslado da pedra, o corremento de terras ou causas meteorolóxicas.

### 5.1.4 ÉPOCA DE CRÍA

Tradicionalmente, os valados construíanse nas épocas do ano con máis horas de luz. A restauración debe facerse tendo en conta ademais a tempada de cría das especies que poidan estar medrando no seu interior.

Ferreiros, curroxos ou lavadeiras adoitan aproveitar buracos nos valados para criar polo que é de interese facer unha visita previa ás tarefas de reconstrución e así evitar estragar os niños. Se o valado é longo, pódese comezar o traballo por outro lado para que lles dea tempo aos paxaros a sacar adiante as súas crías.



## 5.1.5 ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS

Se tes a sorte de vivir nun espazo natural protexido, podes acollerte a axudas que financian estes traballos. Existen liñas de subvencións para actuacións dentro da Rede Natura e das Reservas da Biosfera que contemplan intervencións para a mellora da paisaxe rural, concretamente para a restauración de muros de cachotaría e cantaría.

## 5.2 RESTAURACIÓN DUN VALADO CAÍDO NA SÚA TOTALIDADE

### Paso 0 - O DESEÑO

Á hora de refacer un valado por completo, debemos elaborar un deseño previo. Mesmo se o que se quere é realizar algún cambio no muro existente para evitar certa causa do deterioro, debemos traballar como se partiramos de cero. Aínda así, hai que respectar sempre as formas, materiais, cores e a escala do lugar.

Se por algún motivo faltan pedras, sería desexábel collelas dunha canteira da zona. Se as pedras son “novas”, é recomendábel deixalas que se afagan ao clima durante polo menos un ano antes de utilizalas, xa que adoitan estar espidas. Se non é posíbel agardar ese tempo, deberíase engadir algo de terra dentro do muro.

As paredes recuperadas coa pedra existente deben ser reconstruídas mantendo as caras expostas á intemperie e co lique exterior.

### Paso 1 - PREPARAR AS FERRAMENTAS

Para facer, ou refacer un muro de pedra, é de interese dispoñer de certas ferramentas:

- unha fouce ou fouciño para eliminar as silveiras.
- tesoira de podar ou serra por se algunha póla prexudica a estabilidade do muro.
- unha pa ou sacho para facer o oco no que asentar as pedras.
- estacas e fío para marcar a posición e nivel do muro.
- unha barra de ferro e unha carretilla é útil para mover as pedras.
- tradicionalmente, empregábase para acomodar as pedras e darlles forma, un martelo de asento para a pedra de grao, ou unha escoda para os xistos. Hoxe en día, estas ferramentas caeron en desuso e foron substituídas pola maceta cadrada.

## **Paso 2 - RETIRAR A VEXETACIÓN**

As árbores e arbustos poden afectar á estrutura do valados. Será preciso comezar facendo unha roza da zona cun dobre obxectivo; eliminar elementos que poidan danar o muro e despejar a área de traballo.

É recomendábel manter libre de arbustos e árbores unha franxa de 4 palmos de ancho a cada lado do muro. Cunha poda cada poucos anos das pólas que estean preto da parte superior da parede, é suficiente.

No caso das silveiras, é aconsellábel rozar o espazo que permita a conservación do valado así como traballar comodamente. Porén, antes de cortar un silveiral pensa no lagarto das silvas, que como o seu propio nome indica, ten o seu fogar entre estas plantas. Ás veces pódense deixar pequenos recantos para contribuír á conservar a diversidade natural.

Ao empregar maquinaria, mantén sempre unha distancia de seguridade con respecto das demais persoas.

### Paso 3 - REALIZANDO A BASE

Antes de levantar o muro de pedra hai que pensar, medir e sinalar a zona que vai ocupar, para o que é de utilidade usar estacas e cordas coas que crear un polígono de referencia.

Tendo a superficie delimitada, hai que apartar a terra vexetal e as raíces da zona (a excepción das raíces de grandes árbores), e cavar unha foxa duns 50 cm de ancho e unha profundidade de 20-30 cm.



Colocación dun tizón na restauración dun valado

Unha vez realizada a estrutura da base sobre a que levantar o muro, realizarase un leito de cascallos, así que o seguinte paso será facer unha primeira capa cas pedras máis pequenas e sen valor estrutural. Cando a terra estea nivelada e estabilizado o leito de cascallo, comezarse poñendo as pedras máis grandes.

Para mover as máis pesadas, pode ser útil un pau de ferro ou ferro de monte (se é máis grande) aplicando a lei da panca. As pedras máis pequenas poden desprazarse co ferro de man.


#### **Paso 4 - CLASIFICACIÓN DAS PEDRAS**

As pedras deben ser clasificadas e amontoadas en función do tamaño e forma para facilitar os traballos de construción. É mellor situalas aproximadamente a medio metro de distancia da zona sinalada, para poder traballar con comodidade, chegar a elas facilmente e moverse entre a parede e os materiais.


#### **Paso 5 - LEVANTAR O VALADO**

O proceso de colocación dunha parede é como un gran crebacabezas tridimensional, onde a forma natural de cada pedra utilízase na súa particular vantaxe. A mellor forma é a triangular ou angular porque é máis doado para poder seguir unha liña recta e tamén facer un paramento agradábel e continuo. As pedras con ángulos rectos deben manterse de lado para podelas usar nos cantos ou nos extremos e facer así un acabado limpo e recto.

Despois de asentar a base de pedras grandes, continúaase poñendo pedra sobre pedra ben asentadas, unha encima da outra. Para comprobar a estabilidade hai que empurrar e facer presión en cada pedra probando se está segura.



PRANTA



ALZADO






Comezos da restauración dun valado

As pedras máis pequenas poden usarse como calzos cando son algo máis grandes e colócanse de costas ao cachote. Os cachotes deben trabarse polo menos nun cuarto da súa lonxitude, para que queden unidos pola fricción, suxeitando así o conxunto da construción.

É de interese cada pouco ir engadindo un xuntoiro, pedra que vai de lado a lado do muro e que achega consistencia á estrutura.



As pedras grandes e de boa forma (capas) empregaranse para cubrir a parte superior da parede co fin de protexer o interior da choiva, da neve e da acción das xeadas. En lugares ventados, pode ser necesario poñer pedras adicionais na parte superior para dar consistencia ao muro.

## 5.3 VALADOS CON PARTES CAÍDAS

Pode ser que teñamos un valado que está en boas condicións pero por causas meteorolóxicas ou pola caída dunha árbore ou calquera outro accidente, rompera parte do mesmo.

Nese caso, o que debemos facer é proceder como no punto anterior pero sen chegar á base. Débense retirar, e ao tempo clasificar as pedras, até chegar á parte do valado que estea firme. Dende ese punto iremos reconstruíndoo, empregando as que retiramos previamente.

## 5.4 VALADOS BEN CONSERVADOS. PLAN DE MANTENIMENTO

Se xa temos un valado ben conservado, reconstruído dende a base ou un anaco caído, co tempo vai precisar un mantemento. Cuns mínimos coidados e arranxos, é máis probábel que o muro de pedra estea en pé máis tempo.

A contorna dos muros é propicia ao crecemento de arbustos e árbores. En consecuencia, co paso do tempo os muros de pedra énchense de vexetación e as raíces ou polas poden causar problemas. A presenza de gando pode limitar o crecemento da vexetación arbustiva.

A retirada das especies vexetais como silveiras leva tempo se se fai a man, pero é máis seguro para a fauna que o emprego de maquinaria como rozadoras ou motoserras.

Os valados de pedra adoitan precisar algún mantemento despois do inverno. Con tarefas regulares de coidado, evítanse grandes proxectos de restauración no futuro. Tradicionalmente, as paredes eran reparadas polos seus propietarios con frecuencia anual porque tiñan unha función práctica. Hoxe as paredes ás veces molestan xa que obstaculizan os vehículos modernos e son descoñecidos todos os beneficios que achegan.



*Elona Quimperiana*, our caracol de Quimper é unha especie de caracol ameazado que se atopa nas fendas dos valados.



*Geomalacus Maculosus* é un molusco que tamén habita nas fendas dos muros de pedra

*Salamandra Salamandra*, a píntega tamén pode acubillarse nos intersticios dos valos



Lagartos e lagartixas son réptiles que habitualmente se poden observar nos valados



## 5.5 SEGURIDADE DO LUGAR DE TRABALLO

Ao traballar con pedras pesadas existe risco de lesións como rabuñaduras, cortes, atrapamentos de mans ou pés, ou fragmentos de pedras que entren nos ollos. Sempre poden xurdir accidentes, polo que se debe prestar especial atención a todas as persoas que participen no proceso.

Os accidentes sempre ocorren, pero a roupa adecuada minimizará as lesións. A vestimenta debe ser axeitada para o traballo, da talla correcta e apropiada para as condicións climatolóxicas.

O maior risco é o corte cos cantos afiados das pedras, contra o que as luvas grosas son moi útiles, así como calzado de traballo con protectores de dedos.

A rotura das pedras provoca partículas que poden mancar os ollos, polo que son aconsellábeis unhas lentes de seguridade especialmente cando se están a empregar útiles de cantería para darlle forma ás pedras.


No inverno, con frío e días de choiva, neve e xeadas, os traballos con pedra dificultanse ao tempo que poden ser máis perigosos ao estar a pedra máis esvaradía, polo que é mellor evitar estes días.

Fixarse onde están as demais persoas e comunicarse ao levantar ou colocar pedras, contribúe a facer o lugar de traballo máis seguro. As compañeiras de traballo deben ser advertidas sobre elementos que poidan ser perigosos como buracos, pólas, toco, etc.

É moi importante incluír no equipo unha botica de primeiros auxilios con gasas, antisépticos ou desinfectantes para rabuñaduras; vendas e analxésicos para feridas maiores e pinzas para eliminar as inevitábeis


espiñas. É importante saber onde está o centro médico máis preto por se se precisa.

Se realizamos unha xornada de voluntariado ambiental para recuperar un valado, todas as persoas participantes deben estar aseguradas.



Recursos

6





## 6.1 LIBROS

### ***Etnografía. Cultura material***

Lourenzo, Xaquín

*Integrado na obra Historia de Galiza de Otero Pedrayo, Ramón*

### ***Galicia, as construcións da arquitectura popular: patrimonio etnográfico de Galicia***

Caamaño Suárez, Manuel



## 6.2 INTERNET

### **Escola de cantería da Deputación de Pontevedra**

<https://escoladecanteria.depo.gal/>

### **Guía de caracterización e integración paisaxística de valados.**

A súa edición enmárcase dentro do ámbito da Estratexia da Paisaxe Galega co obxectivo de poñer en valor os valados tradicionais e achegar recomendacións á construción de novos muros integrados na paisaxe. Constitúe unha ferramenta para ao mantemento e dinamización da vida rural, na que os valados son estruturas útiles en explotacións vivas e integradas na súa contorna.

<https://juanadevega.org/ga/publicaciones/guia-de-caracterizacion-e-integracion-paisaxistica-de-valados/>

### **Iniciativas europeas de recuperación de valados pétreos**

#### **Dry stone walling**

<https://www.nationaltrust.org.uk/bath-skyline/features/dry-stone-walling>

#### **How to build a drystone wall**

<https://www.nationaltrust.org.uk/features/how-to-build-a-drystone-wall>

#### **Handbook for Building and Repair of Stone Walls —Sustainable Heritage Report No. 4.**


[https://www.sustainableheritage.eu/wp-content/uploads/SustainableHeritage\\_ReportNo4\\_ISBN978-952-5839-77-7.pdf](https://www.sustainableheritage.eu/wp-content/uploads/SustainableHeritage_ReportNo4_ISBN978-952-5839-77-7.pdf)

## Inform Guide: Dry Stone Walls

*<https://www.historicenvironment.scot/archives-and-research/publications/publication/?publicationId=691877c6-bed8-4803-bdd1-a59500bb2828>*


Drystone walls as a multi-purpose climate change adaptation tool

*<https://www.stonewalls4life.eu/>*



# As xornadas

# 7





O manual/caderno que tes nas mans é parte dunha proposta de ADEGA encadrada no proxecto “Aproximación ao patrimonio cultural e natural dos valados na paisaxe da Reserva da Biosfera Terras do Miño” , presentado ao abeiro da subvención destinada ás asociacións sen ánimo de lucro da Reserva da Biosfera Terras do Miño, para o desenvolvemento e actuación de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico deste territorio na anualidade 2021.

Alén desta publicación, realizouse un encontro ao redor dos valados de pedra na fin de semana do 13 e 14 de novembro de 2021 no concello de Muras que tivo diferentes actividades: unha mesa redonda na que se abordaron os valados dende diferentes disciplinas/puntos de vista; unha ruta polo concello para poñer en práctica cuestións tratadas no encontro (tipos de muros, impactos, patrimonio e natural e cultural, etc.) e un obradoiro práctico de restauración dun valado de pedra.

Na ruta pola contorna do Concello de Muras as participantes puideron comprobar in situ a diversidade de peches realizados con pedras así como a flora e fauna que acollen.

O obradoiro de recuperación de valados foi unha mostra de como se deben realizar pequenos traballos de recuperación de valados parcialmente caídos.

Durante os labores de reconstrución, alén de aprender sobre as

Restauración dun valado no concello de Muras organizado por ADEGA



partes dos valados, as tarefas a realizar en cada momento e afacernos aos materiais, comprobamos a diversidade que agochan os muros de pedras. Píntegas, caracois de Quimper ou unha ra do monte, foron só algunha das especies animais que atopamos nos 15 metros nos que traballamos.







Os valados de pedra limitan as propiedades ao longo de todo o país



Para completar o manual, inclúense os resumos das relatoras do encontro.

# VALADOS DE ORIXE XEOLÓXICA. COMPARACIÓN DE VALADOS NATURAIS E ANTRÓPICOS. ALGÚNS CASOS DE GALIZA

## XOAN RAMÓN VIDAL-ROMANÍ

*Doutor e profesor titular nas Universidades de Santiago de Compostela e A Coruña, catedrático da Universidade Xeodinámica externa na Universidade da Coruña, emérito dende o ano 2017. Dirixiu máis dunha vintena de teses doutorais. Foi Director do Instituto universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal dende o ano 1986 ate o 2017. Convidado por multitude de universidades estranxeiras, é Académico Numerario da Real Academia Galega de Ciencias, e presidente da Sección de Xeoloxía e Química. Editou gran cantidade de cadernos do Laboratorio Xeolóxico de Laxe e Serie Nova Terra.*

Temos unha inclinación antrópica a vermos nos valados de pedra do medio natural como feitos pola especie humana. Pola miña de-formación como xeólogo, teño unha certa tendencia a consideralos tamén como formas froito dos procesos xeolóxicos. O resultado pode parecer sorprendente mais é real e podémolo observar en moitas paisaxes de Galiza. De feito, as palabras dike (dique) ou fylon (filón) fan referencia a estruturas xeolóxicas formadas por rochas máis duras que fican en releve na paisaxe dando idea de ser unha parede. Teñen características semellantes ás feitas pola especie humana, e dende o punto de vista biolóxico poden servir igualmente para preservar a vida de organismos. No caso dos valados e a súa relación coa xeoloxía, cando menos nos valados primitivos para a súa construción escollíanse os materiais propios do terreo onde se construía. Deste xeito, cando os xeólogos están a

facer o mapa xeolóxico dunha zona moi vexetada e non son quen de ver o substrato rochoso, moitas veces toman conta da composición dos valados antigos pois é a partires deles de onde se pode tirar unha idea de cal é a composición do substrato. Na xerga xeolóxica ten ate unha palabra específica, "tapioloxía", que é facer xeoloxía atendendo á composición dos valados antigos.

Hoxe en día a facilidade para o transporte de rochas de calquera orixe e lugar ten destruído moito do valor que tiñan, hai anos, estes vellos valados de pedra. Por outra banda, o tipo de rocha en cada caso define o seu modo de romper polo que, dependendo desa propiedade teremos distintos tipos de valados con aspectos ben diferentes. Finalmente, os ocos entre os elementos que forman un valado, natural ou antrópico, definirán distintos tipos de refuxios para a vida na superficie da terra. Sen dúbida algunha que as rochas graníticas son as que definen en Galiza os hábitats máis descoñecidos e ignorados e onde se acolleron durante centos de miles de anos distintos tipos de organismos. As covas graníticas son as grandes descoñecidas como lugar de preservación da vida en Galicia.

# OS VALADOS. TRAZOS CULTURAIS NA PAISAXE

## MERCEDES MÁRQUEZ ROEL

*Arquitecta pola UDC, Máster en Xardinería e Paisaxe pola Universidad Politécnica de Valencia, realizou estudos de terceiro ciclo en Arquitectura Paisaxista e Ecoloxía Urbana (U. de Porto, Coimbra e Lisboa), e actualmente está a realizar a súa tese doutoral sobre o deseño do espazo publico de proximidade, traballo que mereceu unha Beca de Investigación da Deputación da Coruña. Docente no Máster de Arquitectura da Paisaxe Juana de Vega. Participou en traballos de investigación como o Atlas del Vino (Ministerio de Cultura), e a Guía de Caracterización e Integración Paisaxística de Valados (Instituto de Estudos do Territorio). Realizou traballos de divulgación dos valores da paisaxe como a Guía de Boas Practicas Paisaxísticas na Terra Chá, e a coordinación e realización de obradoiros de paisaxe tanto para profesionais, como en centros escolares de Galicia “12 meses 12 paisaxes” (Instituto de Estudos do Territorio). Forma parte do Grupo de Investigación da Escola Galega da Paisaxe da Fundación Juana de Vega, e do equipo redactor da “Estratexia de Infraestrutura Verde da Área da Coruña. Actualmente traballa na mellora paisaxística dos camiños de Santiago. Ten presentado comunicacións en congresos nacionais e internacionais relacionados coa paisaxe.*

Os valados tradicionais estendidos polo territorio galego forman parte do noso patrimonio e así son recoñecidos na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, a cal indica na súa exposición de motivos:

“O estudo, a protección, a conservación, o acrecentamento, a difusión e o fomento do patrimonio cultural son pedra angular do exercicio da dignidade colectiva e, xa que logo, plásmanse como o primeiro mandato

legal, que non debe ser visto como limitación restritiva senón como participación de toda a sociedade no coidado do que ela mesma creou e ao que ela mesma lle pertence. O patrimonio cultural concíbese, pois, como alicerce de cohesión social e desenvolvemento sustentábel” .

Patrimonio cultural é aquilo que se ten feito no pasado, que se ten herdado e que é parte da identidade histórica, da cultura local e da relación dunha comunidade co seu territorio. Segundo diversas voces, o patrimonio é unha construción cultural que está sometida ós avatares e procesos temporais e espaciais, unha herdanza cultural colectiva e un recurso identitario.

Son trazos propios da cultura rural aqueles que se atopan na construción dos valados tradicionais: riqueza de tipos e variedade, funcionalidade, sobriedade, integración, valor da tradición e dispersión. Esta dimensión estética, cultural e dos xeitos de facer tradicionais, foi recollida na Guía de Caracterización e Integración Paisaxística de Valados, e vén a explicar porqué en cada zona se construía un determinado tipo de valados.

Recoñecemos nos valados construídos tradicionalmente, ademais dos valores histórico-culturais e patrimoniais, valores ecolóxicos, paisaxísticos e estéticos que non se atopan na meirande parte dos valos que se están a construír actualmente. A estandarización dos sistemas empregados nos últimos anos para delimitar as parcelas no solo rústico do noso país, que non atenden ó contexto no que se insiren, están a xerar unha homoxeneización da paisaxe que lle resta calidade á vez que identidade.

O mellor aproveitamento e a eficiencia no uso da terra non debe ser escusa para tirar por terra todo este patrimonio herdado, que configura de xeito silencioso as nosas paisaxes rurais. Deberá tratarse polo tanto de conxugar o mellor aproveitamento e a mecanización dos procesos agrarios co respecto e mantemento dos valados tradicionais.

Son estes valores os que compoñen a recuperación na construción dos novos valados, xunto coa riqueza de tipos e variedade, sobriedade, e integración, características da nosa arquitectura popular.

# OS VALADOS COMO SOPORTE FÍSICO E SEDIMENTO DE VALORES NA ARQUITECTURA DOS CAMIÑOS XACOBEOIS E VEREAS REAIS

**RICARDO POLÍN**


*Doutor en Filoloxía medieval e historiador experto nas rotas de peregrinación a Compostela e camiños históricos. Autor de numerosas obras no plano histórico, lingüístico e literario, así como do estudo e cartografía histórica do Camiño Primitivo de Santiago. Cronista oficial de Castroverde.*

O papel dos valados como parte substantiva do Camiño de Santiago asociados á súa calzada, na configuración da paisaxe cultural dos camiños históricos e na supervivencia da súa traza física, os seus valores intanxíbeis e relacións transversais.

O seu protagonismo como ben de dominio público de carácter cultural e na configuración de un territorio histórico. Visións en conflito sobre a súa natureza patrimonial e identitaria. Causas do seu deterioro, vulnerabilidades e necesidade imperiosa da súa preservación con enfoque cultural e ambiental.


Normativa legal e órganos competentes en canto á súa protección enfocada á prevalencia dos espazos culturais na ordenación do territorio. Casuística vinculada ás antigas comunicacións e afectación patrimonial no actual devalar comercial das vías xacobeas e calzadas históricas. Disposicións sobre muros tradicionais no vixente regulamento urbanístico e propostas de actuación urxente no plano lexislativo e executivo.





# Epílogo

# 8





Valos, valados e muros, desenharam durante milénios a paisagem da nossa terra. Nosso território mini-fundista. Um minifúndio denostado e criticado, mas que dava sustento para a autossuficiência alimentar. Amparado e complementado por montes plurifuncionais que atuaram como fundo de recursos para completar as necessidades que as leiras, veigas, agras ou terrenos de labor forneciam. Fazendo os necessários serviços ecossistémicos.

Os muros marcam os limites das propriedades, e também sustêm a terra para contra-restar o poder de alastre das enxurradas. Para compensar a força da gravidade que empurra a terra desde os lugares mais altos para as depressões. Para termar da terra fértil mais aló dos limites impostos pelo relevo.

São tantas as funções dos muros que alastra com ela um imenso vocabulário que define cada um deles. Associado com a sua função. Valos pode ser também um nome para canais de rego como acontece por Carnota e, em geral na Costa da Morte. Cômaros, comareriros comarões comalhões são diferentes géneros de murados das Terras da Ulhoa, especialmente aqueles que sustentam as paredes das congostras ou corredoiras. Não chegam a

serem verticais, levam uma certa inclinação, para evitar que o caminho, escavado por carros durante milénios, chegasse a se cegar. Chousas são terras cercadas por muros mais ou menos altos, mas também pode ser nome para o próprio valado. São inúmeros os nomes que se aplicam aos limites das propriedades ou aos cercados dos rueiros e sendeiros.

Toda a Terra da Galiza está trabalhada desde tempos dos que a memória consciente perde o sentido para passar a memória do inconsciente. E ainda ultrapassar esta para integrar-se no inconsciente coletivo dum povo que tem uma coerência fantástica e inimaginável. Uma entidade que se mantém desde mais de 5000 anos desde o Cantábrico até o Mandeo, superando os enganos da história oficial para , teimosamente se manifestar, quer na língua, quer nas crenças, quer na paisagem, lavrada por esta cultura do aproveitamento inteligente dos recursos fornecidos



pelo território. Um povo heroico que conseguiu a redenção dos foros, e passar desde a idade meia para a modernidade por sim mesmo. Para construir a sociedade comunal da autossuficiência. Os muros valados ou comalhões são companheiros do minifundio. Uma estrutura criada para otimizar o aproveitamento da terra. Não é o mesmo uma terra nas beiras dum rio que uma chousa no meio dum monte, ou uma agra para o centeo

a meia altura. E todo é necessário para o sustento familiar e comunal. Onde quase não há jornaleiros, de nada val uma grande extensão de terreno. Como se iria trabalhar?! Cada família tem a terra que necessita e a que seus braços chegam para transforma-la em alimento e história. É o reino do pluricultura, da diversidade de espécies e de trabalhos. O reino do trabalho, mas também o reino da independência e da sustentabilidade. Os muros murados valos, falam-nos disso. A sua construção está relacionada com a estrutura do terreno, e também dos materiais disponíveis. Os cantos da Terra Chá e de parte da Ulhoa, respondem a diferente disponibilidade de rochas: de xistos que fendem em lajes planas. Estas estruturas prolongam-se mais aló dos terrenos de xisto para aqueles de granitos. Encontramos cantos graníticos nas zonas limítrofes, seguramente porque as formas têm mais per-vivencia do que as condições que os materiais lhes impõem. Vemos cantos graníticos em Nadela ou no Corgo, onde os materiais já não são de fácil ex-foliação, mas perdura a forma. Isaac Diaz Pardo sabia da importância das formas como expressão da cultura. Criou o laboratório de Formas da Galiza como uma genial ideia da fidelidade a nossa cultura e nossa maneira de estarmos no mundo.

Os valos e muros são estruturas que precisam duma técnica que é transmitida como cultura oral. Não há escola de construção de muros, valos comareiros etc. Esta cultura vem desde a época dos castros que foram construídos com muros defensivos. Mas os murados celtas têm certas características estruturais e de desenho que foi perdurando em nós desde aqueles recuados tempos. São as formas arredondadas de feitura semicircular a que domina na sua feitura. Diferente das formas retilíneas e paralelepédicas das construções romanas. As nossas adaptam-se as formas do terreno em que se sustentam. Não forçam a estrutura primordial, modificam-a no mínimo. Fazem da terra sua aliada e convivem com ela. As formas romanas rompem os equilíbrios de terra-vida. Forçando-as.

Os valados da nossa terra marcaram paisagens tão peculiares como o Ribeiro ou a Ribeira Sacra. Os socalcos do ribeiro mantêm uma grande diversidade de culturas e de vida. Muitas árvores foiteiras aproveitavam o convívio com as vides para completar a diversidade de produtos, facilitando serviços ecossistémicos ao conjunto. Iguamente fazem-o na Ribeira Sacra.

Com a teima do rendimento associado à industrialização, eliminaram-se muitas destas sebes vivas e produtivas, empobrecendo assim muito da biodiversidade associada aos valados dos socalcos. A produção e a excelência desce e para compensar practica-se a aplicação de adubos químicos, herbicidas e pesticidas. Isso tudo vai para os rios que incrementam a sua eutroficação, fazendo-se transportadores de água tóxica no lugar de água viva e limpa.

Com o único objetivo dos rendimentos a curto prazo, estamos forçando os limites da biosfera e estragando a qualidade dos produtos que a Terra nos fornece. Os muros, murados, valos, cômaros e valados são representantes do trabalho dos seres humanos em cumplicidade com a terra. Em fornecedores de vida e integradores da biosfera.

Não somente constroem paisagem e vivificam os terrenos, mas também acocham multitude de seres vivos, como lagartos, cobras, répteis e anfíbios. Insetos e multitude de animais pequenos que fazem alí seus ninhos. Briões moles, liques e pequenas plantas encontram nos muros da nossa terra seu lugar de vida. A muralha de Lugo era especialmente rica em diversidade de pequenos arbustos que ajudam a sobrevivência de aves como aviões e outros da família dos cirrios.

Na Galiza os muros não são limitantes. São complementares. A destruição dos valados implica também a destruição da paisagem caraterística de muitos lugares da Galiza e ainda a desapareição de infinidade de palavras que os muros da nossa terra agassalharam, susteram e

forneceram. São os passais para poder deixar passar as vacas, são as carrilanas para deixar passar os carros, são as alvariças para protegermos as colmeias dos ossos, são oseiras, noiros, portairas, gonços, cancelas portelas. Passadoiros e portelos, escairos quando os chanzos para cruza-los estão incrustados no muro, são topónimos, como Muros ou Muras.

São difíceis de construir para uma pessoa alheia as estruturas, mas que refletem a sabedoria popular transmitida geração após geração.

São os rebos que se pousam com habilidade uns sobor dos outros, cachotes e croios ou caiaus que vêm dos rios. Entre medio deles as forrinhas ou forros para que as pedras assentem e se mantenham sem fragua, em “Seco” .

Na Eira da Xoana tivemos que refazer os muros que lindavam com os caminhos. E fez falha a mão experta da vizinhança e do voluntariado para conseguir. Já estão habitados de briões e de bichinhos, já têm vida.

*Conservar os valados*  
*Adela Figueroa Panisse*  
*(Lugo, 8/ 11/ 2021)*





